



CONVENIO DE COLABORACIÓN RELATIVO ACTIVIDADES DE INTERÉS XERAL ENTRE SOGAMA E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.

DECLARA:

Que esta Sociedade ten previsto formalizar co Concello de Vilanova o instrumento convencional arriba referido con efectos de dous meses dende a súa firma.

Antecedentes

Que a Sociedade Galega do Medio Ambiente, empresa pública adscrita na actualidade á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, que ten encomendada a xestión institucional dos residuos urbanos dos Concellos de Galicia que decidan xestionar os seus residuos a través desta sociedade ten a implantación das súas instalacións principais de tratamento no Concello de Cerceda.

Que a Sociedade Galega de Medio Ambiente dentro do marco do plan de residuos, asuniu a construción de varias plantas de compostaxe, unha en cada provincia galega, sendo un lugar elixido o concello de Vilanova de Arousa.

Que Sogama quere seguir contribuindo na financiación de proxectos de utilidade pública de marcado carácter medioambiental, que melloren a calidade de vida dos veciños e, a súa vez, contribúan a mellorar as infraestruturas actuais.

Que SOGAMA entende que debe colaborar a mellora do medio natural e social dos municipios onde se acollen instalacións estratéxicas dentro do plan de residuos, e seguir impulsando o seu crecemento económico, a xeración de riqueza e emprego estable e, en definitiva, a mellorar a calidade de todos os seus habitantes. Todo o anterior xustifica e

fundamenta o marcado interese público, social e económico que ten e persegue a formalización do convenio analizado.

Finalidade e Obxecto do Convenio

O obxecto deste convenio é a colaboración entre ambas as institucións do sector público para obter o financiamento dos custos das obras correspondentes á RECOLLIDA DE PLUVIÁIS EN CALEIRO-A CERCA, segundo proxecto técnicos elaborado pola arquitecta Marta Núñez de Miguel.

Fundamentación do instrumento convencional:

Ademais do contido nos antecedentes anteriormente expostos, a sinatura do convenio fundaméntase na necesidade compartida de que se siga mantendo un axeitado clima de harmonía, necesario para que sigan convivindo de forma axeitada as instalacións industriais complexas que conforman a actividade de SOGAMA, cun municipio de carácter eminentemente rural, entendendo ambas partes que o desenvolvemento sostible, tanto económico, social e medioambiental do Concello deben ir parellos, sendo este o obxectivo principal deste Convenio.

Por último, o convenio enmárcase nas actividades da responsabilidade social da Sociedade Galega do Medio Ambiente, sendo o negocio xurídico privado, instrumentado mediante un convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral de mecenado, regulado polo artigo 25 da Lei 49/2002 de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins de Lucro e dos incentivos ao Mecenado.

O convenio de colaboración supón obrigas económicas para SOGAMA, cunha achega económica máxima de 48.381,20 € IVE engadido, con cargo aos seus orzamentos, a aboar na anualidade de 2023.

Ao non superarse a contía establecida na Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de Transparencia e bo Goberno, nin unha anualidade de duración, o convenio non precisa a autorización previa do Consello da Xunta



Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao tratarse dun convenio de colaboración de conformidade co establecido no artigo 6.2 de dita norma, sen prexuízo de que, de acordo co previsto no seu artigo 4º, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Javier Domínguez Lino
Presidente